

# Definición de convivencia escolar

---

Tal como se describe no apartado II do preámbulo do *DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, partimos de considerar a **convivencia escolar** como “a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha **responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa**”.

## Axentes responsables da convivencia escolar

---

### Cales son os axentes responsables da convivencia escolar?

Ao longo do Capítulo I do Título II, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG de 27 de xaneiro), se recollen os diferentes axentes responsables da convivencia escolar, así como as súas responsabilidades:

- A comunidade educativa (art. 4, Decreto 8/2015)
- O Consello Escolar (art. 5, Decreto 8/2015)
- A Comisión de convivencia (art. 6, Decreto 8/2015)
- O Claustro de profesores (art. 7, Decreto 8/2015)
- O equipo directivo (art. 8, Decreto 8/2015)
- Órganos de coordinación docente (art. 9, Decreto 8/2015)
- Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 10, Decreto 8/2015)

## Cales destes axentes responsables da convivencia teñen un papel máis visible polas súas competencias?

- A **comunidade educativa**, no seu conxunto, é axente responsable da convivencia escolar e polo tanto participa na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do Plan de convivencia.
- O **claustro de profesores**, realizará propostas para a elaboración do Plan de convivencia, especialmente no referido ás normas de convivencia e actuacións de carácter educativo relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos. Ademais participará na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan.
- O **equipo directivo** do centro, en conxunto e de xeito individual a persoa que exerza a **dirección do centro** e a persoa que exerza a **xefatura de estudos** do centro.
- Potenciase a labor da **Comisión de convivencia do centro educativo**, creada no seo do Consello Escolar, como órgano responsable da convivencia no centro educativo e con integrantes dos diferentes estamentos da comunidade educativa.
- O **Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia**, como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa, no que se refire a convivencia escolar.